CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)
R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/C009/000001

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADQUISICIÓN DE TERREO ANEXO Á IGREXA

EXPEDIENTE: 2026/C009/000001

ANTECEDENTES:

Considerando que é necesario para este municipio proceder á adquisición do seguinte ben:

Referencia catastral	7739709NH2673N0001LP
Localización	Rúa Corredoira, n.º 72 , Bembibre
Clase:	Urbano residencial denso (RD)
Superficie:	736 m2.
Referencia catastral	7739709NH2673N0001LP
Localización	Rúa Corredoira, n.º 72 , Bembibre
Clase:	Urbano residencial denso (RD)

Considerando a xustificación documental e memoria demostrativa elaborada pola Alcaldía en data 30.09.2026 e na que se establece a seguinte xustificación da adquisición directa do ben:

[A localización do inmoble outórgalle un especial interese para o Concello, ao atoparse nunha zona caracterizada pola concentración de equipamentos e pola elevada circulación de vehículos, especialmente nas horas puntas.

En particular, a proximidade ao CPI de Bembibre determina unha importante afluencia diaria de vehículos vinculados ao transporte e acompañamento do alumnado, así como do persoal docente e non docente. A esta circunstancia engádese a actividade desenvolvida no **centro de formación e Casa do Maior** e a afluencia de persoas á **igrexa de Bembibre**, configurando un ámbito cunha intensidade de uso superior á doutras zonas do núcleo.

A dispoñibilidade do inmoble permitiría ao Concello estudar e, no seu caso, desenvolver actuacións destinadas a:

- Mellorar a ordenación do tráfico e da circulación na contorna.
- Incrementar a dispoñibilidade de espazos de estacionamento.
- Facilitar as operacións de parada e acceso vinculadas ao CPI de Bembibre.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: MX84WO5rANt7FdUKhFRG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.valdodubra.gal/

- Mellorar as condicións de seguridade viaria, especialmente para o alumnado e as familias.
- Facilitar o acceso aos equipamentos públicos e de interese colectivo existentes na zona.
- Reducir a concentración de vehículos e as dificultades de estacionamento que se producen nas horas de maior afluencia.
- Crear ou reservar un espazo de titularidade municipal susceptible de ser destinado a futuros usos ou actuacións de interese xeral.

Todo o anterior redundaría nunha mellora das condicións de mobilidade, accesibilidade e seguridade da veciñanza, especialmente das persoas que diariamente se desprazan aos equipamentos situados na contorna.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	**Data/Núm.**
Memoria Xustificativa Alcaldía	30.09.2026
Informe Xurídico	08.10.2026
Informe dos Servizos Técnicos municipais relativo as peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario ou a especial idoneidade do ben	06.10.2026
Informe técnico de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, SA para a valoración da finca	28.09.2026
Invitación a Participar	08.10.2026
Oferta Presentada	13.10.2026
Informe de Fiscalización	19.10.2026

Visto que a aprobación definitiva corresponde á Alcaldía conforme ao establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, emítese a seguinte

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: MX84WO5rANt7FdUKhFRG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.valdodubra.gal/

CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)
R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/C009/000001

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Adquirir o seguinte ben nas condicións que figuran na súa oferta a:

ADXUDICATARIO	DESCRICIÓN DO BEN	PREZO
ABANCA CORPORACIÓN DIVISIÓN INMOBILIARIA SL	*Solar situado na C/ Corredoira, 72 de Val do Dubra (A Coruña) —con unha superficie de 736 m2 e referencia catastral 7739709NH2673N0001LP*	*32.500 €*

SEGUNDO.- Aprobar e dispoñer o gasto correspondente por importe de 32.500 euros.

TERCEIRO.- Notificar a ABANCA Corporación División Inmobiliaria SL, co CIF B70193321, propietaria do ben, a presente Resolución e citarlle para a firma do contrato en escritura pública que terá lugar na notaría de Ordes de D. José María Rodríguez Vázquez.

CUARTO.- Publicar a presente Resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e na sede electrónica do Concello, a efectos do seu xeral coñecemento.

QUINTO.- Anotar a adquisición no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez formalizada.

SEXTO.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a Lexislación hipotecaria.

Asinado polo Sr. alcalde, Diego Luís Díaz Méndez, na data expresada na marxe da presente resolución. Polo secretario-interventor accidental tómase razón para a súa constancia/transcrición ao Libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art 3.2 do RD 128/2018)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: MX84WO5rANt7FdUKhFRG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.valdodubra.gal/